



## **BASES DA CONVOCATORIA SELECTIVA PARA CUBRIR POLO SISTEMA DE CONCURSO E MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA, MODALIDADE OBRA E SERVIZO, 6 POSTOS DE TRABALLO NO MARCO DO "PROGRAMA ISABEL BARRETO".**

### **1. Obxecto da convocatoria:**

En cumprimento da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia acorda a convocatoria de selección de persoal.

A Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia en orde do 31 de xullo de 2008, publica a convocatoria de axudas á contratación, entre outras, de tecnólogos, no marco do Programa de recursos humanos do Plan Galego de I+D+i -INCITE 2006-2010 (DOG. núm. 156 de 13 de agosto do 2008).

A Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia ten previsto presentarse á convocatoria, arriba citada, dentro do Programa Isabel Barreto, polo que precisa seleccionar e propor candidatos para os postos que se solicitan.

A contratación para estes postos de traballo queda condicionada á concesión da axuda e á aprobación preceptiva da Xunta de Galicia.

### **2. Perfís dos candidatos:**

#### **LOMG (1)**

Como requisito imprescindible, esíxese unha experiencia mínima de 24 meses como tecnólogo.

#### **1 -TÉCNICO SUPERIOR**

- Titulación requirida:
  - Licenciatura en Física
- Tarefas a desempeñar:
  - Investigación en metroloxía relacionada con termofísica.
- Lugar de traballo: as instalacións do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia sitas no Parque Tecnolóxico de Galicia, San Cibrao das Viñas (Ourense).



### **CIS Madeira (3)**

Como requisito imprescindible, esíxese unha experiencia mínima de 24 meses como tecnólogo a partir da cal se valorará.

#### **1 –TÉCNICO SUPERIOR**

- Titulación requirida :
  - Enxeñería Química.
- Tarefas a desempeñar:
  - Realización de experiencias de investigación en: nanotecnoloxía aplicada a adhesivos, recubrimentos e tratamentos protectores da madeira e produtos derivados
- Lugar de traballo as instalacións do Centro de Innovación e Servizo da Madeira (CIS Madeira) sito en Avd. de Galicia nº5, Parque Tecnolóxico de Galicia, 32.901 San Cibrao das Viñas (Ourense).

#### **1 –TÉCNICO SUPERIOR**

- Titulación requirida :
  - Arquitecto.
- Tarefas a desempeñar:
  - Realización de experiencias de investigación en: aplicación de novos sistemas constructivos con madeira en obra nova e rehabilitación.
- Lugar de traballo as instalacións do Centro de Innovación e Servizo da Madeira (CIS Madeira) sito en Avd. de Galicia nº5, Parque Tecnolóxico de Galicia, 32.901 San Cibrao das Viñas (Ourense).

#### **1 –TÉCNICO MEDIO**

- Titulación requirida :
  - Enxeñería Técnica en Deseño Industrial
- Tarefas a desempeñar:
  - Realización de experiencias de investigación en: novos conceptos de deseño de sistemas de embalaxe, mobiliario, deseño de aplicación de madeira e materias derivadas da madeira
- Lugar de traballo as instalacións do Centro de Innovación e Servizo da Madeira (CIS Madeira) sito en Avd. de Galicia nº5, Parque Tecnolóxico de Galicia, 32.901 San Cibrao das Viñas (Ourense).



## **CIS D&T (2)**

Como requisito imprescindible, esíxese unha experiencia mínima de 24 meses como tecnólogo a partir da cal se valorará.

### **1 –TÉCNICO SUPERIOR-**

- Titulación requirida :
  - Licenciatura en Biblioteconomía e Documentación ou outra titulación de Ciencias Sociais ou Humanidades con experiencia contrastada en Vixilancia Tecnolóxica.
- Tarefas a desempeñar:
  - Xestión e mantemento da plataforma "VIXIA".
  - Deseño de estrutura de contidos nos portais web.
- Esixírase unha experiencia contrastada en Vixilancia Tecnolóxica
- Lugar de traballo as instalacións do Centro de Innovación e Servizo do Deseño e Tecnoloxía (CIS D&T) sito en A Cabana s/n 15.590 Ferrol (A Coruña)

### **1 –TÉCNICO MEDIO**

- Titulación requirida :
  - Enxeñería Técnica Informática. Valoraranse coñecementos de programación en Realidade Virtual
- Tarefas a desempeñar:
  - Programación sobre SDK de Eon Reality. Estudio doutros motores de Realidade Virtual (OSG,...), xeración de macros que faciliten o traballo dos deseñadores/modeladores
- Valoraranse coñecementos de programación en Realidade Virtual.
- Lugar de traballo as instalacións do Centro de Innovación e Servizo do Deseño e Tecnoloxía (CIS D&T) sito en A Cabana s/n 15.590 Ferrol (A Coruña).

### **3. Réxime xurídico da contratación:**

O contrato revestirá a modalidade de contrato de obra e servizo , conforme ó establecido no artigo 15.1 A) do Estatuto dos Traballadores e ó artigo 7 da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.



#### **4. Duración:**

As contratacións obxecto da presente convocatoria efectuaranse con carácter temporal, por dous (2) anos que é a duración prevista para as axudas con cargo ao Programa Isabel Barreto.

#### **5. Requisitos dos candidatos**

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos xerais referidos a data na que conclúa o prazo de presentación de solicitudes de participación:

- a) Posuír e acreditar a titulación académica esixida na convocatoria ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes. Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros universitarios privados españois deberán estar homologados oficialmente.
- b) Como requisito imprescindible, a titulación esixida debeu obterse con anterioridade ó 1 de Xaneiro de 2006
- c) Experiencia profesional mínima de 24 meses como tecnólogo.
- d) Ter nacionalidade dun estado membro da Unión Europea, así como os nacionais de aqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores nos termos en que está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e o dos nacionais dalgún estado ó que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, sendo titulares de documentos que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- e) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación.
- f) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida desempeñar as funcións correspondentes á praza á que opte.
- g) Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes quen non teñan a nacionalidade Española deben acreditar igualmente non estar sometidos a



sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu estado o acceso a Función Pública.

- h) Estar en posesión do CELGA 4, curso de Perfeccionamento do Idioma Galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos da lingua galega. Para aqueles que non posúan dito curso e accedan a fase de entrevista persoal, antes de realizarse esta, deberán superar unha proba de dominio do idioma galego.

## **6. Lugar e prazo das solicitudes:**

- As solicitudes serán dirixidas ao Xerente da Fundación e deberán presentarse no modelo normalizado, Anexo I da presente convocatoria.
- Presentaranse SÓ no REXISTRO da Fundación sito na Praza de Europa nº 10-A, 6º-B-Área Central- 15707 Santiago de Compostela.
- O prazo de presentación será de 10 (dez) días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria en prensa.
- O enderezo que figure nas instancias considerarse como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do solicitante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nel.
- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección publicará as listas previas de admitidos e excluídos ó proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, no seu caso, establecéndose un prazo de 5 días naturais, a petición do interesado, para reparar calquera erro que sexa subsanable.
- Todas as publicacións faranse no taboleiro de anuncios da páxina web da Fundación: [www.fundacioncalidade.org](http://www.fundacioncalidade.org).

## **7. Documentación a presentar obrigatoriamente:**

- Presentarase unha instancia no modelo normalizado e segundo se indica no punto anterior, con toda a documentación requirida. Dita documentación irá numerada correlativamente e co número total de folios ( --/--).
  - A omisión de calquera dos seguintes apartados será motivo de exclusión do proceso de selección.
- Instancia. (Anexo II ) con fotografía tamaño carné.
  - Documento de Identificación: Fotocopia do D.N.I., N.I.E., Pasaporte ou documento que acredite nacionalidade.
  - Copia autenticada da titulación académica á que se refire o apartado II ou documento que acredite a posesión do correspondente título académico.



- Documentación que acredite estar en posesión do CELGA 4, curso de Perfeccionamento en lingua galega ou estudos equivalentes, homologados polo órgano competente en materia de Política Lingüística para os efectos de quedar exento da proba de galego.
- A experiencia profesional previa acreditarase con:
  - a- Certificado de Vida Laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e, ademais, certificado de empresa ou dos contratos de traballo (onde se indiquen a categoría desempeñada)
  - b- No caso de que o solicitante adquirise a experiencia a través de bolsas, credencial de concesión e documento acreditativo expedido polo organismo correspondente das funcións realizadas.
- Currículum vitae coa documentación que acredite os méritos alegados. A omisión da documentación acreditativa de calquera mérito eliminará o mesmo da súa correspondente valoración. Todos eles acreditaranse con certificado da entidade correspondente.
- Aqueles outros que os candidatos xulguen oportunos.

Todos os méritos que os aspirantes aporten para a súa valoración, enténdese referidos ó día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

## **8. Proceso de avaliación e selección:**

- A avaliación das solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 10/1996, de 5 de novembro efectuarase por unha comisión designada ó efecto (Anexo I)
- O proceso de selección constará de dúas fases: concurso de méritos e entrevista persoal
- Proba de galego, no caso de ser necesaria. Consistirá nunha tradución galego -castelán e outra castelán- galego. Sendo a súa valoración APTO ou NON APTO. O lugar, data e hora anunciarase no taboleiro de anuncios da páxina web da Fundación ([www.fundacioncalidade.org](http://www.fundacioncalidade.org)).

## **9. Primeira Fase: CONCURSO DE MÉRITOS**

A avaliación dos candidatos realizarase mediante a valoración dos méritos acreditados por cada candidato.

Avaliaranse os seguintes méritos:

- A) Experiencia en postos de traballo onde se realizaran funcións semellantes ás tarefas expresadas nesta convocatoria, valorándose 0,50 puntos por mes ata un máximo de 20 puntos.



A experiencia acreditarase coa Vida Laboral emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e, ademais, cun certificado emitido pola empresa/entidade na que se teña adquirida a experiencia ou dos contratos de traballo .

No caso de que o solicitante adquirise a experiencia a través de bolsas, credencial de concesión e documento acreditativo expedido polo organismo correspondente das funcións realizadas.

A experiencia profesional a valorar será aquela que se teña a maiores dos 24 meses que se piden como requisito imprescindible para presentarse ao proceso.

Este sub-apartado non superará os 20 puntos

#### B) Coñecementos:

1. Cursos, congresos ou seminarios de duración superior a 20 horas: puntuarase 0,07 puntos por hora ata un máximo de 12 puntos. Só se valorará a formación relacionada e de interese para o posto de traballo que se convoca e que estea debidamente acreditada.
2. Estudos de terceiro ciclo, máster ou doutorados: 8 puntos.

Este sub-apartado non superará os 20 puntos.

A puntuación total da Primeira fase de Concurso de Méritos non poderá superar un máximo de 40 puntos.

### **10. Segunda Fase: ENTREVISTA PERSOAL**

Realizarase a aqueles candidatos que teñan unha diferenza igual ou inferior a catro (4) puntos co candidato de maior puntuación na fase de concurso.

Versará sobre:

- Perfil do candidato
- Comentarios acerca do currículo vitae
- Disponibilidade de incorporación
- Contraste de coñecementos
- Expresión oral

e terá unha duración máxima de quince minutos.

A Comisión de Selección poderá outorgar, nesta fase, unha puntuación máxima de 4 puntos.

Finalizado o proceso de avaliación, a Comisión publicará no taboleiro de anuncios da páxina web [www.fundacioncalidade.org](http://www.fundacioncalidade.org), un acordo co listado da puntuación de todos os aspirantes.

Contra este acordo, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación diante da comisión no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da súa exposición.



**11. Criterios de desempate:**

- Aplicarase o recollido no artigo 37 da lei 7/2004 de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- En caso de empate desempatarase co que obtivera máis puntos no apartado de Experiencia.
- En terceiro lugar desempatarase por orde alfabético empezando pola letra establecida na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de xaneiro do 2008

12. **Concluído o proceso anterior**, a comisión de selección publicará, na páxina web da Fundación ([www.fundacioncalidade.org](http://www.fundacioncalidade.org)), o nome da persoa seleccionada para cada posto facendo constar a documentación complementaria que deberán aportar para formalizar o contrato.

Cos restantes candidatos, elaborárase unha lista de reserva para futuras contratacións temporais da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia correspondentes co obxecto das presentes bases e por unha vixencia temporal igual a do obxecto da obra.

O contrato temporal por obra e servizo determinado, que se asine, está suxeito ó período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Xerente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 29 de novembro de 2005 ante o notario do Ilustre Colexio de A Coruña D. Manuel Remuñan López e co número de protocolo 2196.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2008

Xosé Luis Villasante Carrera

Xerente da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia



## ANEXO I

### COMISIÓN DE SELECCIÓN

1. A comisión de selección estará formada por:
  - a. Presidente: Un responsable técnico dos Servizos Centrais da Fundación
  - b. Secretaría: Un Técnico do departamento de recursos humanos da Fundación
  - c. Vocais:
    - Un Responsable Técnico do CIS D&T
    - Un responsable técnico do CIS Madeira
    - Un responsable técnico do LOMG

Poderán nomearse asesores do tribunal, os cales limitaranse ó exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán co tribunal con base exclusivamente nas mesmas.

2. Os membros da comisión deberán absterse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O presidente poderá solicitar aos membros da comisión de selección declaración expresa de non encontrarse incurso nas causas sinaladas de abstención.

Os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3. Son funcións da comisión de valoración:
  - a. Avaliar os méritos, e outorgarlles cualificación aos aspirantes segundo as normas desta convocatoria.
  - b. Formalizar, mediante actas, todo o proceso do concurso e o resultado final, que será remitido ao órgano de contratación mediante certificación do secretario da comisión de valoración respecto da lista de aspirantes por orde de cualificación, de máis alta á máis baixa.
4. En ningún caso a comisión de valoración poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao da praza convocada. Calquera proposta que contraveña o establecido será nula de pleno dereito
5. Para efectos de comunicación e demais incidencias, a comisión terá como sede a oficina dos servizos centrais sita en Praza de Europa nº 10-A, 6º-B – Area Central- 15707 Santiago de Compostela.

## ANEXO II



### SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL A TRAVÉS DUN CONTRATO POR OBRA E SEVIZO DETERMINADO NO MARCO DO PROGRAMA ISABEL BARRETO PARA A FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA

POSTO/S AO / AOS QUE OPTA:

- |   |   |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> TÉCNICO- LOMG                | <input type="checkbox"/> TÉCNICO-SUPERIOR CIS D&t |
| <input type="checkbox"/> TÉCNICO SUPERIOR CIS MADEIRA | <input type="checkbox"/> TÉCNICO-MEDIO CIS D&t    |
| <input type="checkbox"/> TÉCNICO MEDIO CIS MADEIRA    |   |

Datos persoais:

Primeiro apelido: ..... Segundo apelido .....

Nome: ..... NIF: .....

Enderezo: .....

Localidade: ..... Provincia: .....

Código Postal: ..... Teléfono: .....

E-mail: .....

Data de nacemento: ..... Localidade: .....

Provincia: ..... Nacionalidade: .....

Nº de afiliación á Seguridade Social: .....

TITULACIÓN .....

DECLARACIÓN XURADA:

O abaixo asinante declara baixo xuramento non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ó posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

*"De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o interesado queda informado e presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos ós ficheiros automatizados existentes na FUNDACIÓN e ó tratamento dos mesmos para esta convocatoria de prazas."*

Fago constar que a presente documentación consta de \_\_\_\_ folios, numerados correlativamente do 1 ó \_\_\_\_

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO:

- |   |   |  |
|---|---|--|
| <input type="checkbox"/> Foto pegada na Instancia             | <input type="checkbox"/> Documento de Identificación                | <input type="checkbox"/> Currículo Vitae             |
| <input type="checkbox"/> Vida Laboral Seg. Social             | <input type="checkbox"/> Certificado de Empresa/Entidade            | <input type="checkbox"/> ____ Contrato/s de Traballo |
| <input type="checkbox"/> ____ Certificado/s Bolsa / Prácticas | <input type="checkbox"/> Curso de Perfeccionamento do Idioma Galego |  |
| <input type="checkbox"/> Outros:                              |   |  |

Lugar e data:

Asdo: .....

**XERENTE DA FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA**